

**Expediente:** Contratación da “Definición, deseño, subministración e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viais municipais do ámbito rural do término municipal de Santiago de Compostela”

**Asunto:** Determinación das ofertas económicas anormalmente baixas, ordenación das ofertas económicas e cálculo das puntuacións dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas

## INFORME TÉCNICO

### Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para a determinación das ofertas económicas anormalmente baixas, a ordenación das ofertas económicas e o cálculo das puntuacións dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas do procedemento de contratación da “**Definición, deseño, subministración e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viais municipais do ámbito rural do término municipal de Santiago de Compostela**”, de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/30/2018.

### Documentación recibida

Con data 30/08/2018, tras a celebración da correspondente mesa de contratación, recibíronse da Sección de Contratación as seguintes documentacións para o seu informe técnico cos os seguintes datos:


| Nº DE ORDE | REXISTRO ENTRADA |        | NOME DO LICITADOR                      | OFERTA       |                  | VINCULADAS |
|------------|------------------|--------|--|--------------|------------------|------------|
|            | DATA             | Nº     |  | BAIXA PREZOS | CONTROL CALIDADE |            |
| 1          | 16/07/2018       | 32.819 | ESTAMPACIONES CASADO, S.L.             | 27,13%       | 3%               |            |
| 2          | 19/07/2018       | 33.387 | PROSEÑAL, S.L.U.                       | 25,60%       | 5%               |            |
| 3          | 20/07/2018       | 33.687 | ACEINSA SALAMANCA, S.A.                | 30,30%       | 3%               |            |
| 4          | 20/07/2018       | 33.717 | SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.            | 15,11%       | 5%               |            |
| 5          | 20/07/2018       | 33.787 | IMESAPI, S.A.                          | 29,95%       | 3%               | 5 / 6 / 7  |
| 6          | 20/07/2018       | 33.789 | API MOVILIDAD, S.A.                    | 33,73%       | 3%               | 5 / 6 / 7  |
| 7          | 20/07/2018       | 33.790 | VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIO, S.A. | 26,28%       | 3%               | 5 / 6 / 7  |
| 8          | 23/07/2018       | 33.864 | TEVASEÑAL, S.A.                        | 18,00%       | 3%               |            |

|  |             |
|--|-------------|
| Orzamento base de licitación IVE excluído (anexo 0.6): | 49.675,21 € |
| Prazo de execución (anexo 0.8):                        | 5 meses     |

### Ordenación dos licitadores segundo o criterio de prezo máis baixo

De acordo co epígrafe 9.1.1 do anexo 0 do PCAP, os licitadores clasifícanse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de “prezo máis baixo da oferta”. Tendo en conta que o modelo de proposición económica (anexo I) establece a presentación dun porcentaxe de baixa sobre o cadro de prezos unitarios, o criterio de ordenación antedito é equivalente a clasificar inicialmente aos licitadores seguindo o criterio de “baixa máis alta da oferta”.

Preséntase a continuación dita ordenación dos licitadores non excluídos ata este momento segundo a baixa ofertada para o contrato:



| ORDENACIÓN OFERTAS | Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR                      | BAIXA PREZOS |
|--------------------|------------|--|--------------|
| 1º                 | 6          | API MOVILIDAD, S.A.                    | 33,73%       |
| 2º                 | 3          | ACEINSA SALAMANCA, S.A.                | 30,30%       |
| 3º                 | 5          | IMESAPI, S.A.                          | 29,95%       |
| 4º                 | 1          | ESTAMPACIONES CASADO, S.L.             | 27,13%       |
| 5º                 | 7          | VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIO, S.A. | 26,28%       |
| 6º                 | 2          | PROSEÑAL, S.L.U.                       | 25,60%       |
| 7º                 | 8          | TEVASEÑAL, S.A.                        | 18,00%       |
| 8º                 | 4          | SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.            | 15,11%       |

### **Determinación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados**

De acordo co epígrafe 16.a) do anexo 0 do PCAP a identificación das baixas desproporcionadas ou anormais efectuarase segundo o estipulado no artigo 85 do RGLCAP.

En primeiro lugar, é necesario dispor das correspondentes ofertas económicas dos licitadores, que se obtén por aplicación da seguinte fórmula:

$$OE_i = 100\% - BE_i$$

Sendo:

$OE_i$  = oferta económica en porcentaxe do licitador

$BE_i$  = baixa económica ofertada en porcentaxe do licitador

Os valores obtidos para cada un dos licitadores non excluídos ata este momento resultan ser os seguintes:

| ORDENACIÓN OFERTAS | Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR                      | BAIXA PREZOS | OFERTA ECONÓMICA |
|--------------------|------------|--|--------------|------------------|
| 1º                 | 6          | API MOVILIDAD, S.A.                    | 33,73%       | 66,27%           |
| 2º                 | 3          | ACEINSA SALAMANCA, S.A.                | 30,30%       | 69,70%           |
| 3º                 | 5          | IMESAPI, S.A.                          | 29,95%       | 70,05%           |
| 4º                 | 1          | ESTAMPACIONES CASADO, S.L.             | 27,13%       | 72,87%           |
| 5º                 | 7          | VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIO, S.A. | 26,28%       | 73,72%           |
| 6º                 | 2          | PROSEÑAL, S.L.U.                       | 25,60%       | 74,40%           |
| 7º                 | 8          | TEVASEÑAL, S.A.                        | 18,00%       | 82,00%           |
| 8º                 | 4          | SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.            | 15,11%       | 84,89%           |

De conformidade coas consultas efectuadas á Sección de Contratación en anteriores procedementos de licitación, no caso de concorrencia de empresas vinculadas, é de aplicación o artigo 86 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP). En consecuencia, para aplicar o réxime de apreciación de ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados, para cada grupo de empresas vinculadas tomarase unicamente a oferta mais baixa. No caso da presente licitación resulta de aplicación sobre o seguinte grupo de vinculación:



| ORDENACIÓN OFERTAS | Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR                      | BAIXA PREZOS | OFERTA ECONÓMICA |
|--------------------|------------|--|--------------|------------------|
| 1º                 | 6          | API MOVILIDAD, S.A.                    | 33,73%       | 66,27%           |
| 3º                 | 5          | IMESAPI, S.A.                          | Vinculada    |                  |
| 5º                 | 7          | VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIO, S.A. | Vinculada    |                  |

Tendo en conta a concorrencia de mais de catro licitadores, a determinación das ofertas anormalmente baixas, efectúase segundo o suposto do artigo 85.4 do RGLCAP:

1. Ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre único e non vinculados

| ORDENACIÓN OFERTAS | Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR           | BAIXA PREZOS | OFERTA ECONÓMICA |
|--------------------|------------|-----------------------------|--------------|------------------|
| 1º                 | 6          | API MOVILIDAD, S.A.         | 33,73%       | 66,27%           |
| 2º                 | 3          | ACEINSA SALAMANCA, S.A.     | 30,30%       | 69,70%           |
| 4º                 | 1          | ESTAMPACIONES CASADO, S.L.  | 27,13%       | 72,87%           |
| 6º                 | 2          | PROSEÑAL, S.L.U.            | 25,60%       | 74,40%           |
| 7º                 | 8          | TEVASEÑAL, S.A.             | 18,00%       | 82,00%           |
| 8º                 | 4          | SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. | 15,11%       | 84,89%           |

2. Media aritmética das ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre único e non vinculados (1ª media) ..... 75,02%
3. Valor límite das ofertas para a consideración do cálculo dunha nova media (1ª media + 10%) ..... 85,02%  
Posto que ningunha oferta é superior a dito valor límite, non é necesario proceder ao cálculo dunha nova media (2ª media).
4. Valor límite das ofertas económicas para a súa consideración como temeraria (1ª media) ..... 75,02%
5. Ofertas económicas inferiores ao valor límite para a súa consideración como temerarias: ningunha.

A vista do resultado, ningunha das ofertas económicas atópase en situación de anormalmente baixa ou desproporcionada.

### **Puntuación dos criterios de adjudicación**

No epígrafe 9 do anexo 0 do PCAP figuran os criterios de adjudicación e as correspondentes fórmulas a aplicar para obter as puntuacións dos mesmos para cada un dos licitadores non excluídos ata agora.

Sinalar que tanto PROSEÑAL, S.L.U. como SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. ofertaron un 5% de aumento do orzamento do control de calidade sobre o 2% obrigatorio, resultando, por tanto, que o valor final do orzamento do control de calidade destes licitadores é do 7%. Nembargante, aos efectos exclusivamente da súa puntuación (epígrafe 9.1.2 do anexo 0), o valor máximo do aumento do orzamento do control de calidade é do 3% sobre o 2% obrigatorio, resultando, por tanto, que o valor final máximo do orzamento do control de calidade é do 5%.

Tendo en conta as ofertas dos licitadores e o cálculo efectuado anteriormente, os valores a ter en conta para o cálculo das puntuacións son os seguintes:

| ORDENACIÓN INICIAL OFERTAS | Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR                      | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE |
|----------------------------|------------|--|------------------|------------------|
| 1º                         | 6          | API MOVILIDAD, S.A.                    | 66,27%           | 3%               |
| 2º                         | 3          | ACEINSA SALAMANCA, S.A.                | 69,70%           | 3%               |
| 3º                         | 5          | IMESAPI, S.A.                          | 70,05%           | 3%               |
| 4º                         | 1          | ESTAMPACIONES CASADO, S.L.             | 72,87%           | 3%               |
| 5º                         | 7          | VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIO, S.A. | 73,72%           | 3%               |
| 6º                         | 2          | PROSEÑAL, S.L.U.                       | 74,40%           | 5%               |
| 7º                         | 8          | TEVASEÑAL, S.A.                        | 82,00%           | 3%               |
| 8º                         | 4          | SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.            | 84,89%           | 5%               |

E aplicando as fórmulas previstas no PCAP para os criterios de adxudicación, resultan as seguintes puntuacións:

| ORDENACIÓN INICIAL OFERTAS | Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR                      | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE | TOTAL |
|----------------------------|------------|--|------------------|------------------|-------|
| 1º                         | 6          | API MOVILIDAD, S.A.                    | 80,00            | 9,00             | 89,00 |
| 2º                         | 3          | ACEINSA SALAMANCA, S.A.                | 76,06            | 9,00             | 85,06 |
| 3º                         | 5          | IMESAPI, S.A.                          | 75,68            | 9,00             | 84,68 |
| 4º                         | 1          | ESTAMPACIONES CASADO, S.L.             | 72,75            | 9,00             | 81,75 |
| 5º                         | 7          | VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIO, S.A. | 71,92            | 9,00             | 80,92 |
| 6º                         | 2          | PROSEÑAL, S.L.U.                       | 71,26            | 9,00             | 80,26 |
| 7º                         | 8          | TEVASEÑAL, S.A.                        | 64,65            | 9,00             | 73,65 |
| 8º                         | 4          | SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.            | 62,45            | 9,00             | 71,45 |

### **Puntuación total das ofertas e ordenación resultante dos licitadores**

A puntuación total dos licitadores en aplicación dos criterios de adxudicación previstos no PCAP e a súa ordenación, resulta ser a seguinte:

| ORDENACIÓN FINAL OFERTAS | Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR                      | TOTAL |
|--------------------------|------------|--|-------|
| 1º                       | 6          | API MOVILIDAD, S.A.                    | 89,00 |
| 2º                       | 3          | ACEINSA SALAMANCA, S.A.                | 85,06 |
| 3º                       | 5          | IMESAPI, S.A.                          | 84,68 |
| 4º                       | 1          | ESTAMPACIONES CASADO, S.L.             | 81,75 |
| 5º                       | 7          | VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIO, S.A. | 80,92 |
| 6º                       | 2          | PROSEÑAL, S.L.U.                       | 80,26 |
| 7º                       | 8          | TEVASEÑAL, S.A.                        | 73,65 |
| 8º                       | 4          | SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.            | 71,45 |

Santiago de Compostela, 3 setembro de 2018

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís